

Folga xeral estudiantil

SEMANA DE LOITA

21-25
de outubro

22, 23 e 24 de outubro



★ **Fóra a reforma franquista do PP (LOMCE)**

★ **Fóra o decreto de becas e o taxazo!**

★ **Wert dimisión!**

22, 23 e 24 de outubro: folga xeral de estudantes, e o 24 ademais cos profesores e os pais

Tras un ano marcado por unha intensa mobilización para frear a reforma franquista da educación (LOMCE) e os recortes do PP —medidas que supoñen o maior ataque á escola pública dende a caída da ditadura franquista—, é necesario que este novo curso redobremos as nosas forzas para lograr a dimisión do ministro de Educación e paralizar así todos os recortes e contrarreformas educativas que seguen encima da mesa.

Aínda que o PP intenta dar sensación de fortaleza, o certo é que o Goberno está cada vez máis illado socialmente e salpicado por escándalos, como o “caso Bárcenas”, que implican aos seus máximos dirixentes. Os mesmos que nos piden esforzo, sacrificio e excelencia son os que durante, polo menos, 20 anos estiveron financiando ilegalmente o seu partido e cobrando substanciosos sobresoldos sen o menor rubor.

Taxazo universitario, decreto de bolsas, despedimento de profesores...

O ano pasado foi un ano de ataques á educación pública, con decenas de miles de profesores despedidos, peche de centros e recortes salvaxes do gasto. E este curso o PP continúa a súa demolición da educación pública: mediante a aprobación da LOMCE busca reimplantar a relixión nas aulas, reducir aínda máis o ensino en galego, crear itinerarios na ESO para sacarnos do sistema educativo o antes posi-

ble e crear reválidas en ESO e bacharelato para converter os estudos nunha carreira de obstáculos e impedirnos acceder á universidade.

E a todo isto hai que sumar o novo **taxazo** nas matriculas universitarias e o **decreto de bolsas**, que aumenta a nota esixida para ter acceso a bolsa e ameaza directamente a 100.000 estudantes en todo o estado. Grazas á política de Wert, hai carreiras en determinadas zonas que custan ata 3.000 euros por curso, o que fai imposible para miles de familias traballadoras que os seus fillos poidan manterse na Universidade.

A política do PP coa LOMCE, ese intento de devolvernollos ás cavernas educativas do franquismo, o taxazo ou a supresión das bolsas, ten un só obxectivo: impedir que os mozos das familias traballadoras poidamos acceder a un ensino público gratuito e de calidade, ou poidamos cursar estudos universitarios.

O Partido Popular ataca e golpea aos máis desfavorecidos, mentres protexe e goberna en favor dun puñado de banqueiros aos que xa entregou a fondo perdido ¡61.000 millóns de euros! E logo dinnos que non hai diñeiro para ensino ou sanidade, ou para que unha familia afectada polo paro teña bolsa de comedor ou de libros para os seus fillos. O último exemplo desta política témolo aquí en Galiza, onde o PP acaba de aumentar un 40% o prezo do servizo de comedor.

O PP pretende que o ensino se converta nun couto privado para as familias atesouradas, e para os demais... aí están o paro e a precariedade laboral que todos coñecemos nos nosos barrios! En definitiva, o PP quere acabar co noso dereito a estudar, quere derruír o ensino público e non podemos consentilo.

A loita educativa ten que ir a máis

O proxecto educativo do PP está en sintonía co futuro que nos preparan eles, os banqueiros e os responsables desta crise: se imos ser man de obra barata, con traballos precarios e salarios de miseria... para que manter unha boa educación pública? Para o Partido Popular a aprobación da LOMCE, os taxazos e o decreto de bolsas converteuse nun aspecto estratéxico co que quitarse de diante ao maior número de estudantes e mozos cualificados, e de aí a súa persistencia en manter os seus ataques en pé.

Por esta razón dende o Sindicato de Estudantes consideramos que é necesario continuar a loita do curso anterior elevándoa a un nivel superior, aínda máis contundente, máis masiva e máis organizada, implicando a todos os estudantes xunto cos nosos pais, nais e profesores. Por iso convocamos unha Semana de Mobilización do

21 ao 25 de outubro con tres días de FOLGA XERAL ESTUDANTIL (22, 23 e 24 de outubro) en todos os centros de estudo. O 24 de outubro ademais, a folga xeral estenderase a toda a comunidade educativa, a pais, profesores e estudantes, ao convocar tamén os sindicatos do profesorado e as asociacións de pais e nais. E para quentar motores antes da semana de loita, varias organizacións, entre elas o Sindicato de Estudantes, convocamos unha marcha a Compostela contra a LOMCE que se celebrará o 28 de setembro ás 12 na Alameda. Chamamos á comunidade educativa a participar masivamente nela.

E tras a folga de 72 horas, o seguinte paso acordado polas organizacións da Comunidade Educativa é unha Marcha Estatal a Madrid en defensa da Educación Pública para o 9 de novembro. Estamos nun momento decisivo na loita. O goberno de Rajoy e o ministro Wert teñen previsto aprobar a súa lei nos próximos meses. Se o goberno non cede temos forza e condicións para continuar e endurecer a mobilización. A loita educativa conta coa simpatía da inmensa maioría da sociedade e pódese transformar nunha mobilización xeral aínda máis potente que logre botar atrás todos os ataques do PP.

Si se pode!

Propostas para a Semana de Loita

- ☆ **Luns 21 de Outubro:** Asembleas de estudantes, pais e profesores nos institutos, e encerros para debater e aprobar a plataforma reivindicativa, formar comités de loita e organizar as xornadas de folga.
- ☆ **Martes 22 de Outubro:** FOLGA XERAL DE ESTUDANTES e organización de piquetes informativos en mercados, centros de saúde, prazas, transportes... para dar a coñecer as reivindicacións do movemento estudantil. Tamén propoñemos a celebración de actos conxuntos informativos cos nosos profesores e pais. A elaboración de pancartas e carteis para decorar institutos e facultades.
- ☆ **Mércores 23 de Outubro:** FOLGA XERAL E MANIFESTACIÓNS ESTUDANTÍS POLA MAÑÁ en todas as cidades e localidades, chamando os compañeiros de universidade a sumarse activamente a elas.
- ☆ **Xoves 24 Outubro:** FOLGA XERAL DE ESTUDANTES, PAIS E PROFESORES, E MANIFESTACIÓNS.
- ☆ **Venres 25 de Outubro:** Asembleas de balance nos centros de estudo con profesores, estudantes e pais para decidir as seguintes accións.

Todos ás manifestacións!

Mércores 23 de outubro
Manifestacións estudantís pola mañá

Xoves 24 de outubro

Manifestacións de estudantes, profesores e pais

Visita www.sindicatodeestudiantes.net para coñecer o listado de manifestacións

Afíliate e loita!



www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net

Sindicato Estudiantes da Coruña / Sindicato De Estudiantes Vigo • @SindicaEstudian